

# DESCA- TÁLOGO FEMI- NISTA



Arte-  
fac-  
tory

Texto colaborativo

Un traballo realizado na Casa da Muller de Ferrol dentro do programa «Artefactory, deconstruíndo o patriarcado».

**Edita**

Concello de Ferrol

**Coordina**

Rexenerando, S. Coop. Galega

**Deseño gráfico**

nadinagrafica.com

**Fotografía**

Alicia Seoane\*

Xuño, 2019

—

\*Agás a imaxes das páxinas 32 e 34.

# ÍNDICE

**Introdución > 4**

**Contexto > 7**

**Obxectos da mostra > 16**

**Faino ti mesma > 35**

**Epílogo > 38**

# INTRODU- CIÓN

Este des-catálogo dá conta da Mostra das Violencias (In)visibles que tivo lugar na Casa da Muller de Ferrol desde o 28 de maio até o 9 de xuño de 2019.

A nosa intención é poder achegar estas creacións colectivas a máis públicos e facer desta publicación un altofalante co que proxectar as obras desta mostra, así como podermos descatalogar as violencias que representan.

## **A mostra**

As mulleres de Ferrol estaban convidadas a traer consigo un obxecto que para elas fose o símbolo dalgũa violencia de xénero exercida contra elas. Este obxecto converteríase na súa obra de arte, a súa achega a sinalar unha forma de violencia que pretendemos erradicar. Cada obra posúe unha ficha técnica co nome, descrición e materiais.

## **Elaboración colaborativa**

A mostra formouse a partir dun conxunto de obxectos que cada unha das participantes deixaron para axudar a camiñar cara a un Ferrol libre de violencias contra as mulleres. Este carácter colectivo tamén está presente neste propio catálogo que foi realizado a través dunha convocatoria aberta. Elas fixeron a clasificación das diferentes obras/obxectos en formas de violencias.

# CONTEXTO

En 2019 o **patriarcado**, a estrutura social de opresión que coloca ao home, branco, heterosexual e enriquecido na cúspide da xerarquía de poder, continúa moi vivo. Isto é así polas diferentes formas de violencia que o sustentan desde hai séculos.

O patriarcado foi mudando desde o seu nacemento até hoxe, tamén foron mudando as formas de **resistencia**. Infinidade de mulleres anónimas teceron redes de apoio mutuo para facer fronte a toda a violencia que



as oprimía. Ademais, estas resistencias forxáronse nun movemento político no S. XVIII coa Revolución Francesa.

## Os feminismos

É un movemento social, político e cultural que procura a liberación das mulleres e a conquista dos seus dereitos, tamén cuestiona o sistema de dominación patriarcal e propugna a igualdade radical de todos os seres humanos.

A primeira onda do feminismo nace coa Revolución Francesa e prolóngase até mediados do S.XIX. A súa principal expoñente é Mary Wollstonecraft co seu *Vindicacións dos dereitos da muller* (1792).

A segunda onda do feminismo abrangue de mediados do S. XIX até mediados do S. XX. Estivo moi vinculado ao sufraxismo e ao feminismo británico e estadounidense. Significou un fito a declaración da Convención de Seneca Falls, cando unhas cen mulleres asinaron un documento reclamando independencia nas decisións dos seus pais e maridos. Unha das máximas expoñentes do sufraxismo británico é Emmeline Pankhurst.

A terceira onda do feminismo comeza a mediados do S. XX e esténdese até a actualidade. Foi fundamental a publicación de *O segundo sexo* de Simone de Beauvoir (1949) e *A mística da feminidade* de Betty Friedan (1963). Nesta onda incorpóranse máis temas, alén dos xurídicos e civís, como a sexualidade, a reprodución, o traballo fóra da casa, a diversidade ou a sororidade. Nesta ondaponse de manifesto a heteroexeneidade do movemento feminista, xorden con forza os feminismos negros, postcoloniais ou indixenistas. Feministas de todo o mundo cuestionan a categoría muller como un universal, construída polo feminismo branco, cunha visión eurocéntrica da realidade; e danlle centralidade á interseccionalidade, é dicir, as persoas non só estamos definidas polo xénero, tamén pola raza, clase social, etnicidade e orientación ou identidade sexual. Angela Davis (relación raza, clase e xénero), Obioma Nnaemeka (Nego-feminismo, a vía africana), ou Silvia Cusicanqui (descolonización e xénero) son representantes deste feminismo contrahexemónico.

Hai quen apunta que desde 2018 estamos perante unha cuarta onda do feminismo, colocándose novos temas nas axendas feministas, así como incrementando o apoio popular.

En Ferrol e no resto de Galiza, todas estas correntes do feminismo tamén estiveron vivas. Foron moitas as mulleres que se ergueron polos dereitos de todas, ou que racharon os roles e estereotipos de xénero

que as violentaban. Mulleres como Concepción Arenal, Amada García ou Ángeles Alvariño deixaron un legado que chega até o presente.

Esta mostra é froito do traballo colectivo de mulleres ferrolás que, fartas das agresións contra elas, se activan para dar forma a esta obra coral que é a loita contra o patriarcado.

## **Violencia contra as mulleres**

O heteropatriarcado é unha estrutura social que xerarquiza e oprime a toda a poboación. Non se perpetuaría ao longo do tempo senón exercese diferentes formas de violencia. Durante moitos séculos a violencia específica exercida contra as mulleres para manter a dominación sobre estas non tivo nome, mais co tempo as feministas foron quen de pórllle nome.

Desde os diferentes feminismos fica clara a importancia das palabras, non son neutras, crean realidades, deconstrúenas, humillan, nomean, invisibilizan, desposúen, empoderan, etc. Por iso, un dos campos de batalla do feminismo é o de nomear con propiedade. De aí que a violencia contra as mulleres tivese, e teña, diferentes denominacións que foron evoluíndo ao longo do tempo co esforzo das feministas por visibilizar as diferentes violencias, así como darlle a relevancia

política que precisa para actuarmos perante un problema social de tal magnitude:

> **Violencia doméstica**

Fai referencia á violencia que acontece en territorio doméstico. Antes de que o feminismo fose quen de incluír outro termo, falábase mesmo de «crimes paixonais».

> **Violencia de xénero**

É aquela forma de violencia que se exerce contra as mulleres polo feito de selo. Segundo o *Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero*, esta é perpetrada por persoas coas que a muller tivo ou ten unha relación afectiva. Tamén se inclúe a trata de mulleres e nenas coa finalidade de explotación sexual.

> **Violencias machistas**

É aquela forma de violencia que se exerce contra todas as persoas polo feito de vivirmos no heteropatriarcado. O patriarcado outorga privilexios aos homes polo feito de seren homes e resta dereitos ás mulleres polo feito de seren mulleres. A este sistema de dominación é preciso engadirille os privilexios que teñen as persoas heterosexuais fronte as persoas que non o son. Os dous sistemas de opresión van unidos.

## > **Terrorismo machista**

Moitas feministas sinalan que a violencia machista crea un clima de terror e inseguranza a todas as mulleres que fai que vivan con medo constante.

## > **Feminicidio**

É o asasinato de mulleres polo feito de selo. Dálle un carácter estruturante e fundacional á violencia contra as mulleres. É un termo moi usado en México (Marcela Lagarde), mais tamén aplicable á nosa realidade porque a violencia contra as mulleres ten un carácter fundacional do patriarcado e temos que loitar contra ela dunha maneira específica.

## **Categorías de violencia contra as mulleres:**

A violencia de xénero ten moitas formas, a máis visible é a violencia física, esa que fai que desde 2003 (ano no que comezan os rexistros oficiais) até 2019 máis de 1.000 mulleres fosen asasinadas no Estado español. Mais noutros rexistros, como o de feminicidio.net, as cifras son aínda maiores.

Para este Catálogo, trazamos a seguinte clasificación:



## ➤ **Violencia estrutural**

O heteropatriarcado produce unha situación onde o home branco heterosexual ten privilexios e establece unha relación xerárquica co resto da sociedade. É un sistema de dominación que se reproduce a través de mecanismos de poder (económicos, culturais, militares...) e dunha ideoloxía que lexitima e mitifica a opresión.

## ➤ **Violencia económica**

Uso da violencia para controlar o acceso dunha persoa a recursos económicos e materiais por razón de xénero.

## ➤ **Violencia psicolóxica**

Calquera agresión verbal (insultos, ameazas,...) e non verbal (xestos, posturas, miradas, movementos corporais, rachar obxectos...) que procure descalificar, manipular ou invisibilizar outras persoas.

## ➤ **Violencia vicaria**

É a utilización instrumental das fillas e fillos das mulleres co obxecto de danalas.

## ➤ **Violencias sexuais**

Aquelas agresións dirixidas a someter ou denigrar as persoas a través das súas sexualidades. Incluimos a cultura da violación, que fai que as

mulleres sintan medo de xeito constante e tamén os delitos de odio derivados da identidade ou orientación sexual (homofobia, lesbofobia, bifobia ou transfobia). Todas aquelas lesións provocadas polo dominio secular do home branco heterosexual sobre as mulleres e todas aquelas identidades que non cumpren o patrón marcado polo heteropatriarcado: Violencia de xénero ou delitos de odio a persoas non heteronormativas. A trata de mulleres e nenas para a explotación sexual representa unha forma de violencia que afecta a milleiros de persoas en todo o mundo.

### **Violencia obstétrica**

Apropiación do corpo e dos procesos reprodutivos das mulleres por parte do persoal sanitario que expresa un trato xerárquico e deshumanizador contra as mulleres nos seus procesos naturais (abusos de medicalización, patoloxización, perda de autonomía e capacidade de decisión sobre o corpo e a sexualidade das mulleres).

### **Violencia institucional**

As institucións poden cometer estas formas de violencia, non só porque os seus axentes poidan realizar actos de violencia física, psicolóxica ou sexual; senón por se inhibiren na súa responsabilidade de prevención, sanción e erradicación das violencias contra as mulleres.

# OBXECTOS DA MOS- TRA





Título:

*Tempos de coidado.  
Coidado dos tempos.*

Materiais:

Cueiros

Descrición:

Cando os coidados se nos presupoñen ás mulleres. Cando a responsabilidade dos pais se interpreta como «que sorte tes».



Título:

*Mellor sentamos na beira da mesa para poder servir*

Materiais:

Vidro, metal e violencias de mesa

Descrición:

É o día da festa. Somos vinte na mesa. Homes, mulleres, grandes, pequenas. Na esquina da mesa sentamos catro, cinco e seis mulleres para poder erguernos rápido e poder servir cada prato. Moitas delas tampouco foron á verbena para poder cocifñar. E comer... xa comeremos cando rematen.



Título


*Con diversidade a  
violencia de xénero  
é peor.*

Descrición:

Muller en cadeira de rodas.

Materiais:

Plástico e la.



Título:

*Os que saben*

Materiais:

Copia en papel

Descrición:

El sempre ten a razón, a pura e a impura, e non eu. Porque son ela.



Título:

*Movemento mundial  
antivacinas masculino*

Materiais:

Papel e carga mental  
das mulleres

Descrición:

Se falas de hexavalente, a maior parte dos homes pensan nunha marca do Decathlon. Incapaces de seguir un calendario de revisións médicas e vacinal básico. As mulleres temos que organizar, levar, acompañar e decidir. As caras masculinas ao falar de meningococo b ou dun programa da lavadora parecen que tentan entender como funciona o Gran Colisionador de Hadróns.



Título:

*Mestres da  
economía*

Descrición:

Fai a compra da semana, trae a volta  
e que non falte tabaco.

Material:

Fotocopia de 10€



Título:

*O reto de Cronos*

Materiais:

Plástico do bazar (hainos de materiais diversos)

Descrición:

Obxecto inventado para medir o tempo, comprendido como cantidade, non como calidade.



Título:

*Primeiro o teu corazón, despois a vida*

Descrición:

Pídeche o teu corazón, fica con el. Despois quere ficar coa túa vida.

Materiais:

Metal



**RATO SOBRE PUNTAS**



Título:

*TERROR*

Descripción:

Teño medo.

Materiais:

Pedras, sangue,  
puntas e hámster  
de trapo



Título:

*Se non ten ciúmes, non te quere*

Materiais:

Material moi contaminante que vén de moi lonxe e en condicións de explotación.

Descrición:

Quen che escribiu? Por que? Por que ves o Whatsapp e non me contestas? Non avisaches cando chegaches. Por que andas tanto co teléfono? Por que lle deches a like? Por que compartiches o seu?



Título:

*Barreiras invisibles*

Materiais:

Látex

Descrición:

O cliente que esixe pór dobre protección.  
A parella con ETS contaxiada do seu marido infiel que non quere protección.



Título:

*Sexy tanga Hana*

Materiais:

Elastan

Descrición:

Sexualidade da muller. «Este tanga quedaríache moi ben».



Título:

*Corpo ferido*

Materiais:

Negróns de golpes,  
sal das bágoas

Descrición:

O corpo das mulleres usado como o voso territorio conquistado. Non quero ser un saco de boxeo. Non quero ser un buraco para o teu uso e goce. Este corpo é meu. Levo comigo a dor da miña estirpe.



Título:

*Matar ou alimentar*

Materiais:

Friaxe e medo

Descrición:

Sabías que isto non é só para ameazar? Sabías que isto é para nutrir? Para coidar? Sabías que...?



Título:

*Epi NON*

Materiais:

Medicina  
androcéntrica

Descrición:

Segundo a OMS a episiotomía non é necesaria en máis do 20% dos casos. Aquí o índice de episiotomías é do 89%, o cal supón que moitas mulleres somos inxustamente agredidas cun corte innecesario que nos mutila.



Título:

*A lei da gravidade*

Materiais:

Desconfianza dos procesos fisiolóxicos das mulleres.  
Infantilización. Medo.

Descrición:

Moitas mulleres despois de parir presentan síntomas de sufrir un shock post traumático. Desde que entramos pola porta do hospital anúlannos, deixamos de ser adultas. De todos os malos tratos que sufrimos no proceso de parto, este potro é un bo símbolo. Atadas, na posición máis dolorosa e parindo cara a arriba, en contra da lei da gravidade. Só para que un señor poida ver mellor.



Violencia institucional



Título:

*Calada e tranquila  
estás mellor*

Descrición:

Caixa de pastillas de Fluoxetina.

Materiais:

Plástico e cartón



Título:

*Mala praxe*

Materiais:

Plástico

Descrición:

Campaña que non ten en conta a linguaxe inclusiva.

**FAINO TI  
MESMA**

(SEMPRE MELLOR  
CON OUTRAS)

As mulleres estamos a ser tratadas como obxectos constantemente.

As diferentes agresións que sofremos son realizadas por suxeitos. Mais non sempre posúen rostros visibles.

Ás veces só os obxectos poden carnalizar esa violencia.

É preciso darlle saída a todas esas emocións que provocan as diferentes formas de violencia. Desde a ira á tristura, o abatemento ou a impotencia.

Convidámoste a colleres un obxecto que represente a violencia patriarcal e que botes as emocións fóra. Date permiso para facer o que máis gostes, sen medos, sen prexuizos. Que queres facer con isto? Libres, xuntas, transitamos o camiño para unha vida libre de violencias contra as mulleres?

# EPÍLOGO

## Nós, as lobas

Bata branca que tanto poder tes,  
estou desarmada.  
Afrouxar a armadura e permitirnos fluír  
desde dentro,  
onde acaban as palabras,  
onde o silencio remata co terror.  
Deixarnos ir.  
Camiñar lixeiras e libres.  
E vivas.  
Respostas  
a sensacións que me iluminan  
e fan que tome outro rumbo.  
Ao abrollo da cerdeira  
para que ese son  
me conecte cos meus soños.  
Eses, os soños,  
non o medo, non as túas tesoiras, non os teus ollares,  
son e serán a miña herdanza.  
Para nutrirnos,  
sentirnos en liberdade,  
tecer fíos que nos conecten,  
sen xuízos. Somos tribo.  
Como as lobas,  
xuntas. Retomar algo do lado salvaxe,  
do ser animal,  
do prohibido neste mundo de ruídos

sentir... a desconexión  
e unión, pór as palabras, vivencias  
nas que me sentía soa.

—Escrito de maneira colaborativa o 6 de xuño de 2019  
na Casa da Muller de Ferrol



**Arte-  
fac-  
tory** Deconstruíndo  
o patriarcado

Espazos de creatividade  
feminista fronte a violencia  
de xénero